
 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
--	--	--

## FICHA RESUMO

PE 403A 2009/56-5

<b>Ano</b>	2010
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE PESCADORES DE CARRIL
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	AUTORIZACIÓNS
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	MARISQUEO DENDE EMBARCACIÓN

<b>Especies</b>	Ameixa fina ( <i>R.decussatus</i> ), ameixa babosa ( <i>V.pullastra</i> ), ameixa xaponesa ( <i>R.philippinarum</i> ), e berberecho ( <i>C.edule</i> ).
<b>Ambito do plan</b>	A Fangueira
<b>Subzonas de explotación</b>	

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/personas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	18	-
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>Non</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
<b>Días máximos de extracción</b>	30											
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>	de xaneiro a decembro.											
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	dende embarcación											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura <sup>(6)</sup>		
Especies	Embarcación	Tripulante enrolado e a bordo/día
Ameixa fina	-	2 kg
Ameixa babosa	-	3 kg
Ameixa xaponesa	-	5 kg
Berberecho	-	30 kg

<b>Artes a empregar</b>	Raño ou gancha, segundo o establecido no Decreto 424/1993.
-------------------------	--

<b>Puntos de control</b>	Zona de produción.
<b>Puntos de venda</b>	Lonxa de Carril.

Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Épocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas:												
<b>Extracción semente para resembrar</b>	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Zonas:												
Especies:												
<b>Sementeiras</b>	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010  
Galicia

Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
Zonas:												

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

**Ambito do plan:** No plan aparece incluída unha zona de libre marisqueo dos Lombos do Ulla que se autorizou no ano 2004 para incluír no plan específico de marisqueo a pé, coa conformidade de todas as confrarías da Ría, para a súa explotación polo sector de marisqueo a pé. Sen embargo, a altura da columna de auga, non permite que nunha parte desta zona se poda traballar a pé (norte da Punta Corbeiro), polo que, en data 8.03.2004, as agrupacións de a pé e a flote da confraría de Carril delimitar a zona de marisqueo a pé e marisqueo a flote neste área, incluída orixinalmente no plan específico de marisqueo a pé de Lombos de Ulla.

Como xa se estableceu nas fichas resumo aprobadas dos plans de explotación para os anos 2008, e 2009 a pesar do acordo anterior, e dado que a conformidade expresa das confrarías da ría de Arousa foi para a explotación do sector de marisqueo a pé, enténdese que para poder incluír a zona proposta no plan de marisqueo a flote debería obterse a conformidade das confrarías da Ría de Arousa para a explotación por este colectivo.

Con respecto á **zona de traballo e a súa explotación**, considérase necesario sinalar que **A Fangueira** é unha **autorización administrativa** outorgada por Orde de 22 de marzo de 1972 do Ministerio de Comercio, para a explotación dun banco natural de berberecho de 296.000 m<sup>2</sup>, que se reduciu a 178.000 m<sup>2</sup> por Orde de 27 de maio de 1977 do Ministerio de Comercio, pola que se acepta a renuncia parcial da superficie outorgada á confraría de Carril. A explotación desta autorización realizarase ao abeiro do Plan Xeral de Explotación Marisqueira, que é o conxunto de normas e orientacións destinadas a regular e programar a extracción de marisco con carácter anual e está integrado polos plans de explotación para autorizacións marisqueiras, polos plans específicos para zonas de libre marisqueo e polas normas de explotación para zonas de libre marisqueo (artigos 1º e 3º do Decreto 423/1993, de 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños).

Cómpre advertir que **para mariscar precísase do permiso de explotación** (artigo 38º da lei 6/1993, de 11 de maio, de Pesca de Galicia), polo que **o exercicio desta actividade** en zonas obxecto de concesión, **autorización** ou zonas de libre marisqueo require do correspondente permiso de explotación.

**Participantes:** segundo a información da que dispón a Consellería do Mar, o número de embarcacións asociadas á confraría de Carril que contan coa arte de marisqueo (Z3) no seu permiso é de 18. ....



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010  
Galicia

**Proposta de ampliación:** a entidade no apartado 1.4 do plan recolle que a entrada de novos membros na agrupación compensarásen as baixas que se podan producir ao longo do ano e sempre se acade o salario mínimo interprofesional. Cómpre recordar que a obtención da arte de marisqueo dende embarcación está afectada pola Orde do 26 de outubro de 2004, pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que faenan en augas da Comunidade Autónoma de Galicia: artigos 3º (elección de artes por traslado do permiso de explotación), 4º (elección de artes por transmisión do permiso de explotación) e disposición adicional terceira)

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

**Accións de semicultivo:** No plan prevén o aporte de áridos, sen embargo non se especifican as zonas, cantidade de area, calendario, metodoloxía, etc., polo que calquera actuación do tipo mencionada requirirá da presentación dun proxecto axeitado e dos permisos dos organismos correspondentes.